



# Enquisa estrutural a fogares. Vivendas familiares: características e medio Ano 2020

Resumo de resultados 25/06/2021

## ÍNDICE

Introdución .....	1
Características básicas das vivendas .....	1
Equipamentos, instalacións e servizos .....	3
Nivel de satisfacción coa vivenda e o seu contorno físico e social .....	6
Cambios de vivenda dos fogares .....	10
Definicións, fontes e máis información .....	12

## Introdución

A [Enquisa estrutural a fogares](#) é unha actividade estatística anual dirixida aos fogares galegos co obxecto de obter información sobre as súas características socioeconómicas. Consta de dúas partes: unha primeira de carácter xeral que se repite todos os anos, deseñada para recoller información sobre variables básicas, e unha segunda de carácter específico.

O principal obxectivo do módulo de *Vivendas familiares: características e medio* é obter información sobre as características das vivendas, as infraestruturas da súa contorna e o equipamento dos fogares.

## Características básicas das vivendas

No ano 2020 existían en Galicia 1.068.882 fogares, dos cales o 34,75 % residía en vivendas familiares principais con 50 ou máis anos de antigüidade, o 47,74 % en vivendas con entre 20 e 49 anos de antigüidade, o 15,58 % en vivendas con entre 10 e 19 anos e o 1,93 % restante, en vivendas con menos de 10 anos dende a construción.

## Fogares segundo a antigüidade da vivenda. Galicia. Ano 2020

Unidade: Porcentaxe, número de fogares

	Porcentaxe	Número
Menos de 5 anos	0,34	3.636
De 5 a 9 anos	1,59	17.038
De 10 a 19 anos	15,58	166.540
De 20 a 49 anos	47,74	510.236
De 50 ou máis anos	34,75	371.432
Total	100,00	1.068.882

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Vivendas familiares: características e medio ([descarga da táboa](#))

No tocante ao tipo de edificio, case a metade (49,13 %) eran vivendas unifamiliares (independentes ou acaroadas). Os pisos ou apartamentos que formaban parte de edificios con 10 ou máis vivendas supoñían o 31,71 % do total de vivendas, mentres que os situados en edificacións máis pequenas (menos de 10 vivendas) conformaban o 19,13 % do total.

A superficie media das vivendas galegas era de 109 metros cadrados en 2020. Ademais, o 23,04 % contaba cunha superficie superior aos 120 metros cadrados.

## Fogares segundo a clase de vivenda e o tipo de edificio. Galicia. Ano 2020

Unidade: Porcentaxe, número de fogares

	Porcentaxe	Número
Vivenda unifamiliar independente	40,35	431.265
Vivenda unifamiliar acaroada	8,78	93.795
Piso ou apartamento nun edificio con menos de 10 vivendas	19,13	204.466
Piso ou apartamento nun edificio con 10 ou máis vivendas	31,71	338.900
Outro tipo	0,04	457
Total	100,00	1.068.882

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Vivendas familiares: características e medio ([descarga da táboa](#))

Nota: “Outro tipo” inclúe: as vivendas situadas nun edificio destinado principalmente a outros fins (colexio, oficina, taller) e as usadas como aloxamento fixo tales como chabola, cabana. . .

O 61,36 % dos fogares galegos residía en vivendas que eran da súa propiedade e non estaban suxeitas a hipoteca en 2020, mentres que os fogares con vivenda en propiedade e con hipoteca supoñían o 17,11 % e os fogares con vivendas en aluguer o 14,81 %.

## Fogares segundo o réxime de tenza da vivenda. Galicia. Ano 2020

Unidade: Porcentaxe, número de fogares


	Porcentaxe	Número
En propiedade sen hipoteca	61,36	655.849
En propiedade con hipoteca	17,11	182.862
En aluguer	14,81	158.335
Cedida e outro	6,72	71.835
Total	100,00	1.068.882

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Vivendas familiares: características e medio ([descarga da táboa](#))

Os gastos totais da vivenda supoñían unha carga pesada para o 40,56 % dos fogares galegos no ano 2020. Esta porcentaxe era maior entre os fogares que tiñan a vivenda en aluguer (54,06 %) e menor entre os fogares coa vivenda cedida ou con outro réxime de tenza (33,3 %).

### Fogares segundo a carga que supoñen os gastos totais da vivenda. Galicia. Ano 2020

Unidade: Porcentaxe



Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Vivendas familiares: características e medio ([descarga da táboa](#))

## Equipamentos, instalacións e servizos

No ano 2020 o 99,63 % dos fogares de Galicia dispoñía de auga quente nas súas vivendas (1.064.956 fogares) e o 75,48 % dispoñía de calefacción (806.768 fogares).

O 34,58 % dos fogares que dispoñían de auga quente na súa vivenda utilizaba o propano/butano para quentar a auga. As seguintes fontes de enerxía máis utilizadas para esta finalidade eran a electricidade (23,8 %), o gas natural (22,82 %) e o gasóleo (18,75 %).

### Fogares segundo as fontes de enerxía que empregan para quentar a auga. Galicia. Ano 2020

Unidade: Porcentaxe, número de fogares

	Incidencia	Número
Solar	0,72	7.645
Biomasa (madeira e derivados)	4,23	45.002
Xeotérmica	0,31	3.258
Electricidade	23,80	253.497
Gasóleo	18,75	199.725
Gas natural	22,82	243.073
Propano/butano	34,58	368.233
Outra	0,21	2.254

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Vivendas familiares: características e medio ([descarga da táboa](#))

Para o sistema de calefacción, a fonte de enerxía máis habitual era o gasóleo, que o empregaba o 34 % dos fogares que dispoñían de instalación de calefacción na súa vivenda. A continuación atopábanse o gas natural (25,34 %), a electricidade (25,18 %) e a biomasa (14,04 %).

### Fogares segundo as fontes de enerxía que empregan para a calefacción. Galicia. Ano 2020

Unidade: Porcentaxe, número de fogares

	Incidencia	Número
Solar	0,25	2.029
Biomasa (madeira e derivados)	14,04	113.269
Xeotérmica	0,53	4.269
Electricidade	25,18	203.171
Gas natural	25,34	204.474
Gasóleo	34,00	274.264
Propano/butano	6,42	51.776
Outra	0,29	2.303

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Vivendas familiares: características e medio ([descarga da táboa](#))

En relación aos servizos exteriores da vivenda, o 84,84 % dos fogares tiña conexión pública de augas residuais na súa vivenda e unha porcentaxe moi similar (84,53 %) conexión á rede pública de auga potable.

Aínda que a práctica totalidade dos fogares dispoñía de servizo de recollida de lixo nun contorno inmediato a súa vivenda (97,4 %), a porcentaxe de fogares que dispoñía de servizo de recollida selectiva de lixo baixaba ata o 82,24 %.

## Fogares que dispoñen de determinados servizos exteriores na vivenda. Galicia. Ano 2020

Unidade: Porcentaxe, número de fogares

	Incidencia	Número
Terraza, patio ou xardín	65,77	702.988
Terraza, patio ou xardín individual ou privado	59,67	637.820
Terraza, patio ou xardín público ou comunitario	8,59	91.844
Tendedeira	76,70	819.830
Conexión pública de augas residuais (rede de sumidoiros)	84,84	906.832
Saneamento individual ou outros	19,20	205.233
Conexión á rede pública de auga potable	84,53	903.543
Abastecemento de auga comunitario ou individual	21,32	227.838
Recollida de lixo nun contorno inmediato á súa vivenda	97,40	1.041.136
Recollida selectiva de lixo	82,24	879.066
Recollida de vidro	71,32	762.338
Recollida de plásticos, metálicos (latas...)	80,78	863.401
Recollida de papel e cartón	71,24	761.477
Iluminación pública exterior	98,90	1.057.129

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Vivendas familiares: características e medio ([descarga da táboa](#))

O 60,3 % dos fogares de Galicia dispoñía en 2020 dun centro de saúde ou ambulatorio públicos a unha distancia aproximada de 15 minutos a pé da súa vivenda e o 36,93 % utilizando algún medio de transporte (o 16,46 % tiña a posibilidade de usar o transporte público e o 20,47 % non dispoñía desta posibilidade). O 2,77 % restante non contaba cun centro de saúde ou ambulatorio a unha distancia aproximada de 15 minutos da súa vivenda.

Por outra banda, o 56,72 % dos fogares tiña acceso a unha gardería pública a unha distancia de 15 minutos a pé da súa vivenda, o 17,1 % utilizando algún medio de transporte público, o 19,9 % utilizando algún medio de transporte privado e o 6,28 % restante non tiña acceso a este servizo a unha distancia igual ou inferior a 15 minutos.

## Fogares segundo a accesibilidade a determinados servizos nunha distancia de aproximadamente 15 minutos. Galicia. Ano 2020

Unidade: Porcentaxe, número de fogares

	A pé	Nalgún medio de transporte	Con posibilidade de transporte público	Sen posibilidade de transporte público	Non dispoñen	Total
Centro de saúde ou ambulatorio públicos	60,30	36,93	16,46	20,47	2,77	100
Farmacia	69,81	28,09	10,29	17,80	2,10	100
Gardería pública	56,72	37,00	17,10	19,90	6,28	100
Centro público que imparte educación infantil	64,25	32,30	16,64	15,65	3,45	100
Centro público que imparte educación primaria	64,27	32,61	17,20	15,41	3,12	100
Centro público que imparte ESO	57,56	36,85	20,52	16,33	5,60	100
Centro público que imparte bacharelato	52,38	37,96	21,21	16,75	9,65	100
Centro público que imparte formación profesional	46,10	41,10	24,29	16,81	12,80	100
Biblioteca pública	51,65	41,90	21,25	20,64	6,46	100
Oficina de correos	54,02	40,59	19,31	21,27	5,40	100
Parada de autobús	75,49	20,53	5,43	15,10	3,98	100
Estación de tren	26,85	38,18	22,96	15,22	34,97	100
Instalacións deportivas de titularidade pública	57,50	38,26	18,17	20,10	4,23	100
Centros sociais de ocio públicos (culturais, da terceira idade, ludotecas...)	61,95	33,85	14,53	19,32	4,20	100
Espazos abertos de ocio (parques...)	72,78	25,22	9,05	16,17	2,01	100
Tenda de comestibles	71,01	26,72	9,40	17,32	2,27	100
Venda de prensa	67,23	29,67	10,96	18,71	3,10	100
Banco, caixa de aforros, caixeiro	62,92	33,54	12,99	20,55	3,54	100
Bar ou cafetería	78,08	20,47	6,56	13,90	1,45	100


Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Vivendas familiares: características e medio ([descarga da táboa](#))

## Nivel de satisfacción coa vivenda e o seu contorno físico e social

En 2020 o 70,73% dos fogares galegos estaba satisfeito coa súa vivenda e o 21,43% moi satisfeito. A porcentaxe de fogares moi insatisfeitos coa súa vivenda situábase no 0,75%.

**Fogares segundo o grao de satisfacción global coa vivenda.**
**Galicia. Ano 2020**

Unidade: Porcentaxe



Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Vivendas familiares: características e medio ([descarga da táboa](#))

Entre os problemas máis habituais sufridos polas vivendas atopábanse as humidades e as deficiencias de illamento térmico e acústico, que afectaban ao 22,24 % e ao 14,21 % dos fogares galegos en 2020, respectivamente.

**Fogares con determinados problemas na vivenda. Galicia. Ano 2020**

Unidade: Porcentaxe, número de fogares

	Incidencia	Número
Falta de espazo	8,49	90.758
Ruídos (tráfico, negocios, veciños...)	12,55	134.157
Ruídos producidos polos veciños	4,92	52.591
Ruídos procedentes do exterior (tráfico, negocios...)	10,24	109.466
Vibracións	4,30	45.987
Luz natural insuficiente nalgunha habitación	7,25	77.547
Deficiencias de illamento térmico ou acústico	14,21	151.844
Goteiras	4,28	45.740
Humidades	22,24	237.705
Podremia en solos ou en ventás	2,43	25.957
Deficiencias na instalación eléctrica da vivenda	3,14	33.613
Deficiencias da instalación de fontanería da vivenda	3,51	37.569
Subministro deficiente de enerxía eléctrica	3,42	36.523
Subministro deficiente de auga	2,98	31.805
Contaminación, sucidade ou outros problemas pola industria ou o tráfico	3,31	35.408
Deficiente acceso a internet	13,93	148.860

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Vivendas familiares: características e medio ([descarga da táboa](#))

O 12,55 % dos fogares manifestou que sufría problemas de ruído na vivenda. As causas máis habituais destes problemas de ruído eran por mor do tráfico terrestre (60,48 %) e dos veciños e das veciñas (39,2 %).

### Fogares con problemas de ruído na vivenda segundo as causas. Galicia. Ano 2020

Unidade: Porcentaxe, número de fogares

	Porcentaxe	Número
Tráfico terrestre	60,48	81.143
Tráfico aéreo	2,85	3.821
Veciños	39,20	52.591
Orixe animal	8,43	11.307
Orixe mecánica (obras, canteiras, minas...)	8,51	11.421
Actividades comerciais e de ocio	16,10	21.603
Reunións informais urbanas (botellón...)	7,11	9.539
Outra	0,45	608

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Vivendas familiares: características e medio ([descarga da táboa](#))

Por outra banda, o 6,41 % dos fogares tiña problemas de cheiros na vivenda. Neste caso, entre as causas máis habituais atopábanse a canalización e saneamento (45,5 %) e as explotacións agrogandeiras (21,32 %).

### Fogares con problemas de cheiros na vivenda segundo as causas. Galicia. Ano 2020

Unidade: Porcentaxe, número de fogares

	Incidencia	Número
Fumes, tabaco	12,67	8.675
Canalización, saneamento	45,50	31.164
Explotacións agrogandeiras	21,32	14.602
Explotacións acuícolas	0,92	632
Industrias (alimentarias, conserveiras, talleres...)	10,16	6.957
Comercios (supermercados, peixarías...)	0,55	379
Colectores de residuos	5,13	3.512
Vertedoiros	6,80	4.659
Outra	8,38	5.742

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Vivendas familiares: características e medio ([descarga da táboa](#))

O 45,62 % dos fogares de Galicia manifestou non haber ningún aspecto que producise un impacto negativo na paisaxe do contorno da súa vivenda. De feito, o 87,67 % dos fogares galegos estaba satisfeito ou moi satisfeito coa paisaxe do seu contorno.

Porén, no contorno da vivenda do 27,32 % dos fogares existían edificacións ruinosas que provocaban un impacto negativo na paisaxe.



## Fogares segundo os aspectos que producen un impacto negativo na paisaxe do contorno da vivenda. Galicia. Ano 2020


Unidade: Porcentaxe, número de fogares

	Incidenza	Número
Edificacións ruinosas ou con deficiente mantemento	27,32	35.718
Edificacións e urbanización inacabadas ou soar abandonado	22,33	29.190
Tamaño e volume das edificacións inadecuado	5,84	7.640
As cores ou os materiais das construcións	4,39	5.737
Construcións ou instalacións singulares (parques eólicos, infraestruturas, explotacións mineiras, industriais...)	2,42	3.169
Paredes medianeiras vistas	7,22	9.434
Os peches e valados	7,59	9.916
O estado da urbanización (beirarrúa, calzada, mobiliario urbano, graffiti...)	17,32	22.640
A circulación e aparcadoiros de vehículos	14,06	18.384
Os cableados aéreos (electricidade, telefonía...)	12,85	16.802
A mestura de tipos de edificacións (vivendas unifamiliares, bloques de vivendas, naves industriais, talleres...)	7,75	10.126
Deterioración costeira e fluvial (deficiente coidado das ribeiras, abandono de embarcacións...)	4,90	6.400
Ocupación dos espazos costeiros e fluviais naturais por zonas urbanizadas (paseo, área recreativa...)	2,29	2.988
A mala conservación do patrimonio cultural (monumentos, conxuntos históricos, restos arqueolóxicos, espazos protexidos...)	9,02	11.787
O abandono da terra coa conseguinte xeración de maleza e arboredo espontáneo	19,55	25.555
Determinadas explotacións forestais ou de cultivos pola situación ou pola especie	5,09	6.656
Abandono de obxectos, vehículos, outros materiais...	9,75	12.745
Ningún	45,62	59.638

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Vivendas familiares: características e medio ([descarga da táboa](#))

### Fogares segundo o grao de satisfacción global coa paisaxe do contorno. Galicia. Ano 2020

Unidade: Porcentaxe



- Moi satisfeito
- Satisfeito
- Algo insatisfeito
- Moi insatisfeito

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Vivendas familiares: características e medio ([descarga da táboa](#))

## Cambios de vivenda dos fogares

En 2020 o 54,46 % dos fogares galegos levaba residindo na mesma vivenda 20 ou máis anos, o 22,04 % entre 10 e 19 anos, o 10,93 % entre 5 e 9 anos e o 12,59 % restante menos de 5 anos.

### Fogares segundo o número de anos que levan residindo na vivenda. Galicia. Ano 2020

Unidade: Porcentaxe, número de fogares

	Porcentaxe	Número
Menos de 5 anos	12,59	134.529
De 5 a 9 anos	10,93	116.782
De 10 a 19 anos	22,04	235.540
De 20 a 29 anos	18,10	193.442
De 30 a 39 anos	11,49	122.806
De 40 a 49 anos	10,46	111.794
50 ou máis anos	14,41	153.989
Total	100,00	1.068.882

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Vivendas familiares: características e medio ([descarga da táboa](#))

O 24,16 % dos fogares que mudaron de vivenda nos últimos 5 anos fixérono para cambiar a unha vivenda mellor. Outras das razóns principais do cambio son a formación dun novo fogar (17,76 %), por motivos laborais (14,46 %) e por motivos familiares (14,31 %).

### Fogares que cambiaron de vivenda nos últimos 5 anos segundo a razón principal do cambio. Galicia. Ano 2020

Unidade: Porcentaxe, número de fogares

	Porcentaxe	Número
Mellor vivenda (máis nova, máis grande, mellor equipada, zona con mellores servizos)	24,16	32.506
Adquiriu esta vivenda en propiedade ou cedéronlla	14,13	19.005
Esta vivenda é máis económica	10,69	14.380
Motivos de traballo dalgún dos membros do fogar, mellorar as posibilidades de atopar traballo ou montar un negocio	14,46	19.451
Motivos familiares (ter familia que vive na zona...)	14,31	19.247
Por formación do fogar (matrimonio, vida en parella, emancipación...)	17,76	23.888
Outra razón	4,50	6.051
Total	100,00	134.529

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Vivendas familiares: características e medio ([descarga da táboa](#))

En 2020, uns 39.481 núcleos familiares manifestaron necesitar un cambio de vivenda principal. O 40,09 % eran núcleos unipersoais, o 30,76 % eran parellas con fillos e o 15,69 % eran parellas sen fillos.

### Núcleos que necesitan cambiar de vivenda principal segundo a tipoloxía do núcleo. Galicia. Ano 2020

Unidade: Porcentaxe, número de núcleos

	Porcentaxe	Número
Unipersoal	40,09	15.827
Parella con fillos	30,76	12.145
Parella sen fillos	15,69	6.196
Monoparental	8,54	3.370
Outra	4,92	1.943
Total	100,00	39.481

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Vivendas familiares: características e medio ([descarga da táboa](#))

Nota: “Outra” inclúe “Sen núcleo”, “Un núcleo e outros” e “Varios núcleos”.

O 38,83% dos núcleos manifestou necesitar un cambio de vivenda por mor do tamaño da que estaban a habitar, o 22,24% dos núcleos quería cambiar de vivenda debido á formación dun novo fogar e o 18,79% necesitaban cambiar polas malas condicións de habitabilidade da vivenda que estaban a ocupar neste ano.

### Núcleos que necesitan cambiar de vivenda principal segundo as razóns. Galicia. Ano 2020

Unidade: Porcentaxe, número de núcleos

	Porcentaxe	Número
Tamaño (maior, menor...)	38,83	15.330
Condicións de habitabilidade (mal estado...)	18,79	7.419
Accesibilidade (falta de ascensor...)	11,93	4.710
Localización (zona sen servizos, distante, para estar cerca da familia...)	15,39	15
Traballo (cambio, busca...)	12,74	5.029
Económica (máis barata, cambio no réxime de tenza...)	18,48	7.294
Formación de fogar (emancipación, matrimonio, vida en parella, separación, divorcio...)	22,24	8.782
Outra	1,62	639

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Vivendas familiares: características e medio ([descarga da táboa](#))

## Definicións, fontes e máis información

### Definicións

- Definicións

### Descarga de datos

- Fogares segundo a clase de vivenda e o tipo de edificio. Galicia
- Fogares segundo a antigüidade da vivenda. Galicia e provincias
- Superficie media das vivendas. Galicia e provincias
- Fogares segundo a superficie da vivenda. Galicia
- Fogares segundo o réxime de tenza da vivenda. Galicia e provincias
- Fogares segundo a carga que supoñen os gastos totais da vivenda por réxime de tenza
- Fogares que dispoñen de determinadas instalacións ou servizos na vivenda. Galicia e provincias
- Fogares segundo as fontes de enerxía que empregan para quentar a auga. Galicia
- Fogares segundo as fontes de enerxía que empregan para a calefacción. Galicia
- Fogares que dispoñen de determinados servizos exteriores na vivenda. Galicia e provincias
- Fogares segundo a accesibilidade a determinados servizos nunha distancia de aproximadamente 15 minutos da súa vivenda. Galicia
- Fogares con determinados problemas na vivenda. Galicia e provincias
- Fogares segundo o grao de satisfacción global coa vivenda. Galicia e provincias
- Fogares con problemas de ruído na vivenda segundo as causas. Galicia
- Fogares con problemas de cheiros na vivenda segundo as causas. Galicia
- Fogares segundo os aspectos que producen un impacto negativo na paisaxe do contorno da vivenda. Galicia e provincias
- Fogares segundo o grao de satisfacción global coa paisaxe do contorno. Galicia e provincias
- Fogares segundo o número de anos que levan residindo na vivenda. Galicia e provincias
- Fogares que cambiaron de vivenda nos últimos 5 anos segundo a razón principal do cambio. Galicia
- Núcleos que necesitan cambiar de vivenda principal segundo a tipoloxía do núcleo. Galicia
- Núcleos que necesitan cambiar de vivenda principal segundo as razóns. Galicia



## Fontes de información

IGE. Enquisa estrutural a fogares. Vivendas familiares: características e medio